

III CONCURSO DE POEMAS ILUSTRADOS “DÍA ROSALÍA DE CASTRO”

O concello de Ponteareas organiza este concurso dedicado ao alumnado de 5º e 6º de primaria, dos centros encravados dentro do termo municipal coa finalidade de potenciar a creatividade e o coñecemento da obra da xenial poetisa.

OBXECTIVO

Para dar a coñecer e difundir a obra desta autora, o tema do concurso é un poema ilustrado de Rosalía de Castro, ou unha composición creada polo alumnado para honrar a memoria da poetisa.

REQUISITOS

Poden participar neste concurso o alumnado de 5º e 6º de primaria dos centros públicos e concertados que teñan a súa sede no termo municipal de Ponteareas.

Os traballos realizaranse de forma individual ou en grupo, empregarán a lingua galega.

CARACTERÍSTICAS DOS POEMAS ILUSTRADOS

- Os poemas ilustrados poderán elaborarse nas técnicas de debuxo, collage, acuarelas ou similares. Presentaranse en cartolina A4.
- Os traballos serán asinados cun pseudónimo.
- Cada traballo irá acompañado dun sobre facilitado polo Departamento de Cultura, dentro figurará unha ficha onde conste o nome e apelidos da alumna ou alumno, título da obra, nome e apelido do pai/ nai/ titor legal e teléfono de contacto.
- Os centros de ensino realizarán unha preselección de tres traballos de cada clase presentada.
- O persoal do Departamento de Cultura ou da Biblioteca Municipal recollerá as obras nos centros de ensino o venres 19 de febreiro.
- A Concellaría de Cultura e Lingua reservase a propiedade dos traballos presentados e o dereito a difundilos polos medios que considere oportunos. En ningún caso os orixinais serán devoltos.



XURADO

O xurado, nomeado polo alcalde, estará composto polo concelleiro de Cultura e Lingua do Concello ou en quen delegue, tres persoas representantes da educación, cultura e comunicación e un traballador/a do Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas, que actuará como secretario con voz pero sen voto.

Os membros do xurado valoran a adecuación dos traballos presentados ás bases, a orixinalidade, a técnica, o uso correcto do galego e outros aspectos que consideren oportunos.

A decisión do xurado será inapelable.

O fallo do xurado publicarase no decurso da gala de homenaxe a Rosalía de Castro que se celebrará no Auditorio Municipal.

PREMIOS

1º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 100 euros e diploma.

2º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 75 euros e diploma.

3º premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico por valor total de 50 euros e diploma.

4º Premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico por valor total de 25 euros e diploma.

Dende o Departamento de Cultura se lles entregará aos gañadores un vale de compra que poderán intercambiar durante o mes de marzo de 2021.

Este premios concedéranse con cargo á partida 33000/48000 do orzamento municipal para o presente ano, ata un máximo de 305 euros.

PUBLICACIÓN DE BASES

Estas bases remitiranse a Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios electrónico e no sitio web do Concello.

